

PROXECTO EDUCATIVO (2021/2022)



C.E.I.P. Mar de Fóra (Fistera)

INDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. Características do entorno

2.1.1 Situación xeográfica

2.1.2 Contexto socioeconómico

2.1.3 Características familiares

2.2. Características do centro

2.2.1. Situación xurídica do centro

2.2.2. Características do edificio

2.2.3. Ensinanzas que imparten

a) Educación infantil

b) Outras ensinanzas

c) Sección bilingüe

2.2.4. Alumnado

2.2.5. Familia

2.2.6. Profesorado e persoal non docente

2.2.7. Horario do centro

2.2.8. Transporte

3. SINAIS DE IDENTIDADE

3.1. Principios básicos e valores que intenta fomentar o centro

3.2. Obxectivos xerais

3.3. Obxectivos do centro

3.4. Fins educativos

4. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

4.1. Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas

4.2. Metodoloxía

4.3. Avaliación

4.4. Tratamento de dificultades de aprendizaxe: reforzos e adaptacións curriculares

5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

5.1. Órganos unipersoais

5.2. Órganos Colegiados

5.2.1. Consello Escolar

5.2.2. Claustro de profesores

5.3. Órganos de coordinación docente

5.3.1. Equipos de ciclo

5.3.2. Comisión de Coordinación Pedagógica

5.3.3. Tutorías

5.3.4. Departamento de orientación

5.3.5. Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

5.3.6. Equipo de Normalización Lingüística

6. MATERIAL DIDÁCTICO

7. CELEBRACIONES

8. VISITAS ESCOLARES

9. ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN:

A finalidade da elaboración deste proxecto é a necesidade de reflectir nun documento a planificación da vida interna do Centro e recoller aqueles aspectos que se consideren vitais para o seu funcionamento, A nosa intención é que se converta nunha guía para calquera dúbida que se nos vaia presentando nos vindeiros cursos .

Polo tanto neste proxecto queremos concretar propostas educativas co fin de desenvolver un traballo racional e eficaz e ofrecerlle ao alumnado unha ensinanza de calidade que estea de acordo cos retos educativos que a sociedade nos esixe. Esta calidade pasa por dar prioridade a formación integral dos alumnos e alumnas transmitindo valores, interiorizando normas, fomentando actitudes e hábitos, seleccionando os obxectivos, contidos, metodoloxía, sistemas de avaliación e tendo en conta as necesidades do alumnado como referencia prioritaria.

Consideramos tamén que debe estar aberto a novas ideas e modificacións que se consideren oportunas.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

2.1.1. Situación xeográfica

O C.E.I.P. “Mar de Fóra” de Fisterra, é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

É un centro público que está situado na comarca de Fisterra, a 107 Km de A Coruña e a 86 Km de Santiago de Compostela. Atópase localizado no pobo, na estrada que leva ao faro.

O concello ten unha poboación de 7000 habitantes, que están repartidos entre as catro parroquias que o compoñen: San Martiño de Duio San Vicente de Duio, Fisterra e Sardiñeiro, a súa extensión é de 29,6 Km².

A este colexio asisten alumnos/as de tres das catro parroquias do Concello, xa que existe outro colexio en Sardiñeiro. Tamén hai outro colexio concertado na propia localidade de Fisterra.

2.1.2. Contexto socioeconómico

Os alumnos proceden maioritariamente das aldeas das concello de Fisterra por contar con transporte escolar pois existe outro colexio concertado na propia localidade. As familias destes alumnos teñen un nivel socio-económico medio-baixo na súa maioría e dedícanse sobre todo á pesca e á agricultura.

A maioría das nais da localidade son amas de casa ou están no paro e traballan maioritariamente no sector terciario.

De todas maneiras hai que salientar que case tódolos pais teñen estudos primarios. Apenas se dá o caso de pais/nais sen estudos.

Debido a situación xeográfica e por estar afastado de grandes poboacións urbanas, os nenos desta zona non teñen as mesmas posibilidades de asistir ou participar en actividades de tipo cultural, polo que acollen con gusto e interese calquera oferta que se lles ofrezca. Hai que salientar que este afastamento fai que nos atopemos nunha situación desfavorable, porque as actividades culturais sempre fanse nas grandes poboacións, polo tanto, teñen preferencia para cubrir as prazas de participación. Outras veces, a causa, é a chegada tardía ao centro dalgúns programas, estando xa fóra de prazo ou cun tempo moi limitado para apuntarse.

Por outro lado o turismo é o grande protagonista dos últimos anos, sendo os peregrinos o máis salientable ao rematar en Fisterra o Camiño de Santiago.

2.1.3. Características familiares

Baseándonos na información recollidas nalgúnhas enquisas e documentación do centro, podemos considerar as seguintes conclusións con respecto ás características das familias que forman parte da nosa comunidade educativa.

A unidade familiar está constituída polo pai, nai e fillo/a, que na maioría dos casos e pola situación económica actual conviven outros familiares próximos. Moitos viven en pisos, pero tamén hai unha gran cantidade de alumnos/as que teñen casa unifamiliar.

A lingua predominante é o galego aínda que os fillos/as tenden a falar cada vez máis o castelán.

Polo que respecta á relación familia-centro, maioritariamente no noso centro a comunidade educativa é participativa, pero sempre hai aqueles pais que non acoden ao centro aínda que sexan reclamados.

2.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

2.2.1. Situación xurídica do Centro

Trátase dun centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2.2.2. Características do edificio

O centro consta dun só edificio de tres plantas:

- Planta baixa, na que están a dereita e a esquerda as escaleiras de acceso as plantas superiores, os servizos para o alumnado, a conserxería e unha sala utilizada como almacén para os materiais de E.F.
- Na primeira planta están as tres aulas de E.I., a aula de P.T., os servizos adaptados ao alumnado de E.I., a biblioteca, a aula de usos múltiples (futura ludoteca), unha pequena dependencia para uso de persoal de limpeza, a sala de profesorado, a aula de informática, servizos do profesorado e os despachos de dirección e secretaría.
- Na entreplanta sitúase a aula de A.L. E o Departamento de Orientación.
- Na segunda planta están situadas as seis aulas de E.P., a aula de música e a aula de inglés. Tamén están os servizos para o alumnado e para o profesorado, así como un pequeno cuarto para uso do persoal de limpeza.
- O patio traseiro ten unha pista de cemento na parte posterior do colexio, con dúas porterías de fútbol e dúas canastras de baloncesto. Ademais dun aseo exterior, que pode ser utilizado polo alumnado na hora de E.F. E un pequeno almacén. Na parte de diante do colexio hai unha explanada de herba cun parque infantil e unha pequena zona do patio cuberto na que poder xogar o alumnado de E.I. e 1º ciclo de E.P.

2.2.3. Ensinanzas que se imparten

Nel impártense ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria, polo tanto acolle alumnos/as desde os 3 ós 12 anos inclusive.

O centro conta con xornada continua desde o curso 2021/2022.

É un centro de liña un con tres niveis de E.I. e cinco de E.P., xa que hai un aula mixta. Hai un total de 97 alumnos/as.

No 2º ciclo de E.I. hai un total de 36 alumnos/as e na etapa de E.P. hai 61 alumnos/as.

En xeral o alumnado do centro é moi variado en canto a intereses, motivación, capacidades e necesidades.

a) Educación Infantil

Centrándonos na etapa de E.I. hai que ter en conta os seguintes puntos:

► Criterios para o agrupamento do alumnado e para a planificación educativa dos espazos e a organización do tempo en educación infantil.

A organización das actividades en zonas, proporciona un deseño educativo apropiado para educación infantil polas súas características especiais xa que :

- Supón educar o neno dende a base da comunidade onde todo pertence a todos, non soamente o material, tamén o espazo e o tempo (saber esperar quenda, filas), axudan dun xeito natural a superar as egocéntricas características destas idades.
- Están baseados na socialización. Eles permiten un xeito especial de aprendizaxe cos outros, multiplicando as posibilidades de fomentala cooperación e aprendizaxe na interacción cos adultos e, especialmente, cos colegas.
 - Resolven problemas.
 - Ordenan e recollen os materiais xuntos.
 - Acostúmanse a traballar en proxectos comúns.
 - Eles/as viven a experiencia diaria de repartición de xoguetes, espazo, tempo.
- Impulsan e promoven a autonomía dos nenos, para xestionar a necesidade de tomar decisións e responsabilidades no coidado co material, orde, limpeza, etc. ... e para establecer as súas propias normas sociais de convivencia.

Hai un enriquecemento mutuo entre os diferentes grupos que comparten os espazos. Ao ofrecer unha variedade de actividades que esperta a curiosidade e interese en varios xogos e evita a monotonía e aburrimiento.

Desenrolan dun xeito natural o coñecemento espacial e temporal. Ao ter que variar a miúdo de espazo , o neno e a nena habitúanse a dominar a aula e a comprensión temporal “antes-despois” do xogo no recuncho.

- Facilitan o "aprender xogando" convidan aos nenos/as a empregar a súa iniciativa e Intelixencia no xogo libre ou dirixido cos obxectos, favorecendo a manipulación, a observación e a experimentación.
- Desenvolven a creatividade e imaxinación ao poñer a disposición dos nenos e das nenas variadas técnicas de expresión a través das cales representar o seu modelo interior.

- Intensifícase a exercitación dos órganos dos sentidos.
- Ao ser un ambiente rico en problemáticas diversas, interaccións, procura de solucións, superación de obstáculos, etc. ... incentivan o potencial de desenvolvemento dos nenos e das nenas.

Esta distribución espacial proporciona unha mellor estruturación dos materiais, o aumento da organización e variedade de propostas, así como un contorno físico rico en estímulos, oportunidades e posibilidades de acción.

As zonas propostas non son estables durante todo o curso serán modificados de conformidade coas necesidades e intereses dos nenos.

Vemos a importancia do tempo á hora de respectar as necesidades dos nenos e das nenas e de planificar a intervención educativa. A duración das propostas en cada zona varía dependendo do interese que os nenos manifesten , a posibilidade de introducir aspectos que se estean traballando nos centros de interese, obradoiros e pequenos proxectos.

A distribución horaria das actividades docentes na educación infantil farase cun enfoque globalizador e incluírá actividades e experiencias que respecten os ritmos de actividade, xogo e descanso dos alumnos desta etapa educativa, así como os seus hábitos de hixiene.

Na elaboración do horario dos ciclos e das áreas, terase en conta a normativa vixente:

- A distribución horaria das distintas áreas debe de ser proporcional ao progresivo desenvolvemento evolutivo do neno e da nena nesta etapa.
- **PELO**

► Período de adaptación

No período de adaptación será necesario utilizar unha serie de estratexias:

- O tempo dedicado a que os nosos nenos asimilen correctamente a separación das figuras de apego da incorporación ao centro educativo, é o período de adaptación. Este debe ser tido en conta ao longo de toda a Educación Infantil, pero especialmente, no nivel de tres anos, porque é cando, en xeral, se produce a primeira incorporación ao novo centro. Por este motivo, deterémonos na planificación das estratexias que regulan este período:

- Para lograr estes obxectivos, os mestres (como terceiro axente implicado) deben colaborar no período de adaptación organizando este momento para conseguir o coñecemento dos alumnos e lograr a incorporación adecuada destes a aula.
- Como pautas de actuación cos alumnos e alumnas debemos planificar un ingreso paulatino na aula. Durante este período, as actividades realizadas cos alumnos e alumnas serán do tipo: festivas (cancións, decoracións), lúdicas (xogos), coñecemento dos demais, coñecemento dos espazos e materiais, organización de espazos individuais (perchas, bandexas,...), elaboración conxunta de normas, recollida e clasificación de material, asemblea, rutinas, encargados, maquinistas do tren se saída, símbolos equipos,...
- En canto ós pais, debemos ofrecerlles a información necesaria sobre este período para favorecer a súa colaboración. Esta información proporcionámoslla nunha primeira reunión xeral e nos contactos previos que teñamos antes de comezar o curso. Ademais, ós pais entregaráselles un cuestionario para que nos proporcionen a información necesaria sobre dos alumnos ou alumnas, nunha entrevista individual que teremos con eles nos primeiros días de clase.

► Criterios de selección dos materiais

Os materiais distribúense en función da zona de actividade ou recuncho que se corresponda, así como material diverso que sempre estará próximo ó neno /a para o seu uso, en estantes, mobles, caixóns, bandexas, etc.

Como normas de uso e ordenación, co propósito de que o neno se acostume a compartilo e coidalo, así como a utilizalo de forma autónoma.

A hora de elixir os distintos materiais temos en conta os seguintes criterios:

- Que garantan a seguridade dos alumnos/as.
- Que sexan lúdicos e didácticos.
- Que sexan adecuados á idade, intereses e motivacións.
- Que sexan agradables esteticamente e vistosos.
- Que estean á medida do uso dos nenos, da estatura, fácil manexo,...
- Que sexan abertos, para favorecer a creatividade e a improvisación.
- Que atendan ós distintos ritmos de aprendizaxe.
- Que propicien a utilización autónoma.
- Que se axusten ás necesidades cambiantes dos nenos.

- Que haxa variedade de material, especialmente en función dos intereses dos nenos, y dos proxectos traballados.

Non obstante, cada titor/a terá a autonomía necesaria para poder seleccionar os materiais que respondan ós intereses e necesidades dos alumnos/as.

Os criterios que se tiveron en conta para a súa organización, distribución e utilización, son:

- Accesibilidade e visibilidade.
- Clasificación e etiquetaxe.
- En contedores transparentes ou etiquetados claramente, e que permitan a recollida de material de forma autónoma por parte dos nenos.
- Conservación, establécense con e no grupo criterios que diminúan o deterioro do material.
- Integración no horario: a distribución dos materiais, recollida, uso e conservación, forman parte da actividade escolar.
- Facilitar a flexibilidade organizativa, ha de ser movable e polivalente, que permita as distintas situación.

b) OUTRAS ENSINANZAS

O alumnado do CEIP Mar de Fóra, ten a opción de elixir relixión ou unha alternativa a esta.

En **relixión** o mestre desenvolverá a súa programación incluída na PXA.

En **alternativa** terase en conta que a educación integral no noso sistema educativo fai posible que todo o alumnado debe ser capaz de construír o seu propio sistema de valores éticos para comprender mellor a sociedade na que vive. Deste xeito a alternativa permite aos nenos/as que escollan esta área aproximalos a unha maior empatía e diálogo, ao respecto mutuo e á solidariedade favorecendo unha mellor convivencia entre os iguais. O obxectivo é lograr que os nenos/as desenvolvan un razoamento moral e saiban analizar as distintas situacións persoais e sociais. Entre os contidos que estamos a traballar destacamos:

- Comprender a importancia da escola na nosa sociedade e coñecer a situación doutros nenos que non poden ir á escola por falta de medios.
- Aprender a organizar horarios nas nosas actividades e rutinas diarias.
- Recoñecer a importancia da diversidade cultural na nosa sociedade.

- Respetar a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.
- Valorar a presenza da familia na educación e coñecer a existencia de nenos sen familia.
- Comprender o bo uso e consumo das tecnoloxías tanto na casa como na escola.
- Aprender a colaborar e axudar ás persoas máis desfavorecidas.
- Identificar distintos tipos de emocións e describilas.

Todo isto xunto co desenvolvemento dos temas transversais que nos aportan valores como son a educación para a saúde, respecto ao medio ambiente, a igualdade de oportunidades entre ambos sexos, sociedade de consumo, a educación para a paz, a educación viaria e a educación moral e cívica axudan ao neno/a a reflexionar e comprender mellor o entorno no que vive.

Ademais aproveitamos a existencia doutras temáticas propostas por concursos que nos permiten realizar redaccións sobre como era a vida dos nosos avós na escola.

c) Sección bilingüe

No ano 2013/14 implantouse por primeira vez a sección bilingüe na área de plástica en 1º, 3º e 5º. No seguinte curso continuouse en 2º, 4º e 6º. Todo comezou cun proxecto feito polos mestres responsables que levaron a cabo dita sección e asesorados pola coordinadora. Así mesmo os pais/nais firmaron unha autorización que quedarán custodiadas polo centro.

O problema é que desde que comezamos coa sección bilingüe tivemos varias renuncias tanto ao principio do curso coma no transcurso.

A Plástica Bilingüe pretende desenvolver no alumnado unha adquisición da lingua inglesa dun xeito manipulativo e dinámico. Deste xeito aqueles nenos/as que escollan a Plástica Bilingüe adquirirán unha maior comprensión na lingua estranxeira ao mesmo tempo que perfeccionan as súas habilidades motrices e destrezas na confección das producións plásticas. Así mesmo foméntase a multiculturalidade, a creatividade e a tolerancia.

Outra alternativa á Plástica Bilingüe sería o desenvolvemento desta mesma área na lingua castelá ou galega dada polo titor ou outro mestre posibilitando que o neno/a mellore nas súas producións e habilidades plásticas. Do mesmo xeito favoreceranse actitudes positivas de autonomía, iniciativa, responsabilidade, colaboración e respecto.

2.2.4. Alumnado

O alumnado matriculado neste centro pertence ó concello de Fisterra. Acoden ao centro en transporte, a pé e en coche particular.

O alumnado do centro atópase en xeral ben adaptado á escola e acoden contentos/as, sendo as relacións entre compañeiros e compañeiras boas tanto dentro coma fóra do colexio.

Con respecto as tarefas escolares, soen ter axuda dos pais/nais ou irmáns ou acudir a clases particulares.

2.2.5. Familias

É importante establecer uns compromisos educativos coas familias en relación aos seus fillos. Por iso temos en conta os seguintes puntos:

- Proporcionar información documental: calendario escolar, horarios, horas de titoría, criterios de avaliación e toda a información que se considere necesaria.
- Toda esta información poderase concretar na primeira reunión do curso e a través das publicacións que se fan na páxina web do centro.
- Facilitar a comunicación e cooperación entre o centro e as familias.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos/as fillas.
- Informar aos pais sobre o rendemento académico xa sexa documentalmente ou nas reunións titorias.
- Recibir información das diferentes actividades de formación que se organicen no centro: escola de pais, cursos, talleres, charlas...

2.2.6. Profesorado e persoal non docente

No centro, contamos con 15 profesores/as entre titores e especialistas.

Aproximadamente a metade dos docentes son definitivos e o resto adoitan ser profesorado interino.

O Departamento de Orientación é compartido un día á semana (os xoves) co CEIP Areouta de Sardiñeiro-Fisterra, ao que se despraza a orientadora e o/a especialista de AL os martes e venres a partir das 12.00.

O profesor de relixión tamén é compartido co mesmo centro, impartindo clases os mércores todo o día.

O centro está adscrito a ao IES Fin do Camiño de Fisterra, co que mantemos varios contactos ao longo do curso que nos permiten seguir liñas de actuación comúns e procurar que a transición entre a etapa de Primaria e Secundaria sexa satisfactoria.

Este ano o centro comeza co proxecto E-DIXGAL en 5º de E.P.

Tamén contamos con proxecto ARCO E PROA.

Contamos cunha auxiliar técnica educativa, e dúas persoas de limpeza que dependen do Concello de Fisterra.

2.2.7. Horario do Centro:

O horario do centro é de 9:00 a 14:00. Sendo os martes as tardes nas que se celebran as reunións e titorías en horario de 16:00 a 15:00h. con cita previa.

2.2.8. Transporte

O transporte escolar será utilizado neste curso por 46 alumnos distribuídos da seguinte maneira:

Contrato 99CO0295	Paradas	Alumnos/as	Comparte con IES Fin do Camiño
Entrada	O Bispo, vilar de Duio, Vigo, Mallas, Denle e Castromiñán	18	Non
Saída	S. Roque, S. Martiño de Arriba, O Bispo, Vilar de Duio, Denle e Castromiñán.	28	Si
Contrato 99CO0296	Paradas	Alumnos/as	Comparte con IES Fin do Camiño
Entrada	S. Roque, S. Martiño de Arriba, Anchoa-S.Martiño, Anchoa-Escasela	28	Non
Saída	Anchoa-S.Martiño, Anchoa-Escasela, Vigo, Mallas	18	Si

3. SINAIS DE IDENTIDADE

Como centro educativo público intentamos seguir unha liña educativa baseada na responsabilidade e na flexibilidade, que nos permita dar resposta ás necesidades individuais do noso alumnado, establecendo relacións baseadas na reciprocidade que nos enriquezan persoalmente tanto aos mestres como ao alumnado.

3.1. PRINCIPIOS BÁSICOS E VALORES QUE INTENTA FOMENTAR O CENTRO

Como non podía ser doutro xeito o noso labor irá encamiñado a conseguir que sexan unha realidade os principios básicos que figuran no preámbulo **da LOE e que se** resumen en lograr:

- Unha educación de calidade para todo o alumnado.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas compoñentes da comunidade educativa.

Os valores que dende o centro se queren fomentar son:

Autonomía persoal, para que saiban:

- Expoñer con obxectividade os propios puntos de vista e sentimentos.
- Respetar puntos de vista distintos ós propios.
- Ser espontáneos en exposicións e actuacións.
- Ser capaz de tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Modificar actitudes de rexeitamento ó descoñecido.
- Actuar de forma crítica e independente ante a presión colectiva.
- Ser capaz de organizar, planificar e avaliar o tempo de traballo e de ocio.
- Acadar unha autonomía corporal.

Cooperación, para que saiban:

- Participar en tarefas colectivas, valorando e aceptando ideas e actitudes alleas, asumindo e cumprindo as normas de convivencia establecidas.
- Actuar de forma participativa en xogos e en deportes.
- Recoñecer e favorecer a importancia das achegas dos demais.
- Pedir e brindar apoio cando sexa necesario.
- Descubrir e eliminar actitudes discriminatorias.
- Ser xusto e ecuánime cos demais.

- Intercambiar ideas e sentimentos para aprender.
- Solucionar conflitos de convivencia e establecer relacións de afecto e amizade.
- Propoñer e respectar as normas.
- Mostrar actitudes cívicas e de coidado da Natureza, dos bens públicos e privados, espazos comúns e do Patrimonio cultural.

Autovaloración, para que saiban:

- Apreciar de forma xusta as propias capacidades, valores e limitacións e propiciándose así mesmo unha adecuada autoestima.
- -Ser sinceros consigo mesmos.
- -Definirse e avaliarse de forma obxectiva.
- -Confiar nas propias posibilidades.
- -Resolver os propios conflitos e tomar decisións.
- -Manifestarse con espontaneidade, superando a timidez e o medo ó ridículo.
- -Coidar o propio corpo, en canto á hixiene, estética, harmonía e saúde.
- -Gozar do propio, sen deixarse pola ambición.
- -Valorar na xusta medida o entorno familiar, social e cultura

3.2. OBXECTIVOS XERAIS

Educación Infantil

1. Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos, valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción e expresión, e adquirindo hábitos básicos de saúde.
2. Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, adquirindo progresivamente seguridade afectiva e emocional, e desenvolvendo as súas capacidades de iniciativa e confianza en si mesmos.
3. Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo, aprendendo a articular progresivamente os propios intereses, puntos de vista e aportacións cos dos demais.
4. Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, respondendo os sentimentos de afecto, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.

5. Observar e explora-lo contorno inmediato cunha actitude de curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunha das relacións entre eles.
6. Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu contorno, amosando actitudes de respecto, interese e participación cara a elas.
7. Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados, e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e expresión.
8. Utiliza-la linguaxe verbal de forma asustada as diferentes situacións...para comprender e ser comprendidos, expresa-las súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos, avanzar na construción de significados, regula-la propia conduta e inferir na dos demais.
9. Enriquecer e diversifica-las súas posibilidades mediante a utilización dos recursos e medios ó seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.

Educación Primaria

1. Comprender e producir mensaxes orais e escritos en lingua galega e en lingua castelá e achegarse a unha lingua estranxeira.
2. Comunicarse a través de medios de expresión verbal, corporal, visual, plástica, musical e matemática, desenvolvendo o razoamento lóxico, verbal e matemático.
3. Identificar e formular interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria, utilizando tanto os coñecementos e os recursos materias dispoñibles como a colaboración doutras persoas para resolve-los de xeito creativo.
4. Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas.
5. Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo, acepta-las normas e regras que democraticamente se establezan, artilla-los obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando puntos de vista distintos, e asumi-la responsabilidades que correspondan.
6. Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas comportándose dun xeito solidario , e rexeitando calquera tipo de discriminación.
7. Aprecia-la importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia e obrar de acordo con eles.

8. Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do entorno natural e social, e contribuír activamente, no posible, a defensa, conservación e mellora do medio ambiente.

9. Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu entorno, desenvolvendo actitudes de respecto, interese e participación cara a elas, respectando a diversidade lingüística e cultural.

10. Coñecer e aprecia-lo seu propio corpo e contribuír ó seu desenvolvemento, adoptando hábitos de saúde e benestar e valorando as repercusións de determinadas condutas sobre saúde e calidade de vida.

3.3. OBXECTIVOS DO CENTRO

Coa tradición educadora do Centro e a nosa concepción da educación lévanos, a axudar ó alumno/a en todo o proceso de seu crecemento persoal, e no desenvolvemento, no grao e nivel propio da súa idade, das súas capacidades cognitivas, do equilibrio persoal, das habilidades e destrezas motrices, da relación interpersonal e da súa actuación e inserción social, sen esquecer en todas elas a dimensión ética da persoa. Polo tanto, podemos resumir todo isto nun **obxectivo fundamental** que é aprender a aprender.

- Fomentar o hábito da lectura como fonte de pracer e de enriquecemento lingüístico e persoal, a través da elaboración do Plan Lector.
- Prever as dificultades de aprendizaxe e poñer en práctica apoios e reforzos tan pronto sexan detectadas.
- Darlle especial relevancia á acción tutorial.
- Facer do desenvolvemento das competencias básicas o eixo do noso labor educativo para lograr unha formación integral, tanto na vertente persoal do alumnado como nas demandas sociais e culturais.
- Propiciar a coordinación entre todos os membros da comunidade educativa para o mantemento das normas básicas de convivencia e funcionamento para que sexan respectadas por todo o alumnado para a súa preparación como cidadáns.
- Revisar, analizar e modificar se é o caso os distintos documentos organizativos do centro.
- Traballar a coordinación entre ciclos e unificar criterios metodolóxicos.
- Fixar estratexias didácticas de atención á diversidade.

- Proporcionar ás familias recursos e estratexias para a educación da igualdade no ámbito familiar.
- Realizar actividades nas que poidan participar as familias (contacontos...)
- Participar dentro das nosas posibilidades nas actividades organizadas polo concello.
- Revisar o NOF e outros aspectos do Plan de Convivencia que puideran quedar desfasados.
- Potenciar a biblioteca de aula e de centro.
- Mellorar as instalacións do centro.

3.4. FINS EDUCATIVOS

Cos anteriores obxectivos queremos conseguir as seguintes finalidades que son:

- O pleno desenvolvemento do alumnado cultivando tódolos aspectos intelectuais, cognoscitivos, afectivos, psicomotrices e condicionais da personalidade en si mesmo e en relación cos outros e co medio ambiente físico e cultural.
- Unha educación en liberdade, entendéndoa como unha realización individual e social do alumnado, potenciando canto creativo hai neles e compensando os desequilibrios e descompensacións de orixe social e persoal.
- Formación do alumnado, en e para a tolerancia, solidariedade, paz e igualdade; fomentando actitudes de diálogo, respecto mutuo e de respecto a tódolos pobos e culturas; facendo que se coñezan e valoren os dereitos e liberdades fundamentais presentes na Declaración dos Dereitos Humanos.
- Eliminación de condutas, hábitos, formas, aptitudes e comportamentos discriminatorios e promoción de canto favoreza non só a loita contra a discriminación, senón a promoción integradora.
- Incorporación das familias ao quefacer didáctico e educativo dos seus fillos.
- O noso alumnado sexa crítico, creativo e capaz de desenvolverse con autonomía no seno da nosa sociedade, de acordo coas súas potencialidades e buscando así a felicidade persoal e o ben común.

4. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

4.1. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

As programacións son elaboradas a principios de cursos polos diferentes mestres e especialistas e serán levadas a cabo durante todo o ano. Serán elaboradas por niveis e por áreas. Segundo a LOMCE debe conter os seguintes puntos.

- 1.- Introducción
- 2.- Axustado a lexislación vixente.
- 3.- Concreción dos obxectivos (para cada unha das distintas áreas).
- 4.- Concreción dos contidos (para cada unha das áreas).
- 5.- Competencias básicas.
- 6.- Medidas de atención a diversidade.
- 7.- Recursos: organizativos, metodolóxicos, materiais, temporais.
- 8.- Estándares de aprendizaxe.
- 9.- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- 10.- Relación cos Proxectos Lector e TICS.
- 11.- Avaliación da programación a final de curso.

4.2. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos e didácticos serven como pauta aos membros dos equipos docentes na práctica diaria e deberán ser tidos en conta para a elaboración das programación de aula, e especialmente no deseño das actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación.

Os métodos e estratexias a utilizar poden ser múltiples e complementarias, xa que calquera situación de aprendizaxe está sometida a un gran número de variables como a idade dos nenos, homoxeneidade ou heteroxeneidade do grupo-clase, coñecementos previos, grao de motivación...

Para levar isto a cabo, é necesario a coordinación dos membros do claustro, para seguir uns criterios metodolóxicos coherentes cos principios de identidade e pedagóxicos do Centro:

- Unha **metodoloxía activa e participativa**: É necesario fomentar no alumno/a unha actitude curiosa, crítica e investigadora
- Concédese especial importancia ás actividades grupais, tarefas en grupo, á toma de decisións en conxunto, para favorece-la cooperación, o intercambio e a confrontación de opinións e o talante non discriminatorio.

- Destacamos tamén o **espírito lúdico**: Dado que sabemos que o xogo é parte fundamental da vida dos nosos alumnos /as, intentaremos que teña un espazo importante no colexio, como vehículo de socialización, medio para pasalo ben e recurso para novas aprendizaxes.
- Tomamos como base da nosa liña de traballo o **aprendizaxe significativo**, é dicir, partindo sempre das súas experiencias previas.

Todo iso, considerando ao profesor/a como exemplo a seguir e nexo de unión entre o alumnado e a nova materia que ten que aprender, intentando facerlles a aprendizaxe o máis amena posible.

Dámoslle importancia vital o uso das novas tecnoloxías, potenciando e o seu uso, utilizando os recursos dos que dispoñemos. Utilizaremos así de maneira axeitada a dotación de material de novas tecnoloxías do que dispoñemos, para incluílo de maneira eficaz, no noso traballo na aula.

4.3. AVALIACIÓN

O proceso de ensinanza-aprendizaxe terá en conta o contexto persoal, familiar, cultural e social do alumnado, así como no contexto do propio Centro e da Comunidade educativa, da que forman a parte máis esencial. Así mesmo a avaliación de dito proceso que será continua e terá sempre unha finalidade formativa, estará integrada no proceso educativo de forma sistemática, tratará de valorar, mediante diversas formas e instrumentos de avaliación, non só os aspectos puramente intelectuais, senón tamén o nivel de maduración e os dominios afectivos e actitudinais para, en última instancia, axudar ós alumnos e alumnas a que poidan realiza-la súa propia autoavaliación e poidan conformar así esquemas persoais válidos para o seu propio futuro.

Ó comezo do proceso didáctico realizarase unha avaliación inicial partindo da observación en tódolos ámbitos do proceso de aprendizaxe para coñecer os nivel que o alumno posúe en relación cos novos contidos e así poder detectar as diferenzas existentes entre o alumnado en canto o desenvolvemento das súas capacidades e intereses e, tratar de facilitarlles unha nova situación de aprendizaxe que dean resposta a esa diversidade para así proceder á adecuación persoal do currículo.

A avaliación conducirá a elaboración dun informe descritivo en relación coa situación de cada alumno/a en tódolos ámbitos persoais de desenvolvemento e servirá para ir axustando a intervención educativa as condicións de aprendizaxe do alumnado, e aqueles

alumnos e alumnas que non acaden unha avaliación positiva trataráselle de ofrecer os apoios necesarios, orientados a superación das dificultades de aprendizaxe.

Realizaranse tres avaliacións, unha ao remate de cada trimestre. Os boletíns de cualificacións entregaranse ós alumnos/as para que se informe aos pais/nais/titores.

4.4. TRATAMENTO DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE: REFORZOS E ADAPTACIÓNS CURRICULARES

De acordo cos recursos humanos e materiais establecerase un plan de reforzo para aqueles alumnos que o necesiten en cada un dos cursos, de acordo cos docentes e o preceptivo informe do orientador/a.

As adaptacións curriculares levaranse a cabo cando sexa preciso e de acordo cos informes individualizados que o profesorado realice e previo informe do departamento de orientación.

Plan de atención á diversidade (ver documento)

Plan de acción tutorial (ver documento)

Plans para o alumnado que non promociona

Este plan será para o alumnado que **non promocióne** de curso segundo a Orde do 23 de novembro de 2007.

1.- **OBXECTIVO:** desenvolver as competencias básicas e aqueles aprendizaxes considerados como mínimos polo alumnado repetidor no curso.

2.- **CRITERIOS DOS PROGRAMAS:**

- Cando o alumnado presente simultaneamente carencias nas habilidades comunicativas, tanto na lingua materna como na estranxeira, dando prioridade á primeira.
- Utilizar unha metodoloxía motivadora que responda aos intereses do alumnado en conexión coa súa realidade social e cultural.
- Co obxecto de mellorar o rendemento e resultados do alumnado centro educativo e familias estarán en coordinación.

3.- **MEDIDAS PROPOSTAS:**

- Apoios ordinarios mediante un segundo mestre/a con dispoñibilidade horaria dentro das aulas.
- Agrupamento flexible dentro do ciclo para a atención dun grupo específico coas mesmas dificultades por un período de tempo.
- Programas individuais para a recuperación das áreas instrumentais básicas (Lingua galega, Lingua castelá e Matemáticas) e/ou outras dificultades.

4.- ORGANIZACIÓN:

- TEMPORAL: sendo flexible ás necesidades dos alumnos/as e do centro.
- ESPACIAL: aulas ordinarias, biblioteca, aula de AL e aula de PT.
- RECURSOS: mestre titor/a, mestre de apoio con dispoñibilidade horaria, mestre de PT e/ou AL e orientadora. Os recursos materiais serán todos aqueles que se sexan necesarios para a adquisición das aprendizaxes (material funxible, encerado dixital, ordenador,...)

5.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

- Avaliación inicial do alumnado individualmente mediante rexistro de datos.
- Avaliación continua do alumnado mediante observación do seu traballo e as estratexias que utiliza.
- Avaliación final para ver se conseguiron mellorar e superar as dificultades.

6.- DOS PROGRAMAS

- Adecuación do plan as necesidades reais do centro.
- Obxectivos acadados a cada un dos programas polo alumnado.
- Coordinación entre titores/as, mestres de apoio e orientadora.

7.- SEGUIMIENTO

- Reunións mensuais entre os mestres implicados nos distintos programas de recuperación.
- Reunións trimestrais para os apoios dentro da aula, nas avaliacións ordinarias.
- Coordinacións cas familias dos alumnos/as implicados nestes programas nas horas de atención a pais.

8.- IMPLEMENTACIÓN DO PROGRAMA

A comezos de curso, realizarase unha reunión cos titores/as que teñen alumnado repetidor, xunto ca dirección, xefatura de estudos, especialistas e mestres/as con dispoñibilidade horaria.

Informárase as distintas familias dos alumnos/as da posta en marcha das medidas segundo o programa que se realice da organización de horarios e espazos.

5. 4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

5.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS

O equipo directivo formado pola directora, a xefa de estudos e a secretaria traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións, intentando dotar ao centro, na medida das súas posibilidades, de tódolos recursos que fagan máis fluído, cómodo e eficaz o proceso educativo, e así poder alcanzar os obxectivos marcados no PE.

Para levar a cabo adecuadamente as distintas tarefas que ten encomendadas o Equipo Directivo dispón no seu horario de dúas sesións para a reunión conxunta do equipo e ademais reúnense tódalas veces que consideran necesarias para un mellor funcionamento da Comunidade Educativa.

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

5.2.1. Consello escolar

O Consello Escolar é o órgano de participación da Comunidade Educativa. Está composto polo presidente , que é o Director do Centro, a xefa de estudos, cinco profesores /as, dous pais/nais, unha delas representante da ANPA, un representante do Concello , un representante do persoal de administración de servizos e a secretaria do Centro.

O Consello escolar reúnese no curso escolar unha vez por trimestre e sempre que o convoque o presidente ou cando o solicita , ó menos un terzo dos seus constituíntes.

5.2.2. Claustro de profesores

O Claustro de Profesores/as como máxima autoridade dos aspectos académicos, responsabilízase de planificar , coordinar, decidir e informar sobre tódolos aspectos educativos . Caracterízase polo seu grado de madurez profesional, implicación didáctica e innovación educativa. Está composto por tódolos docentes do centro, e o seu presidente é o Director.

O claustro de profesores reunirase a principios de curso co obxectivo de planificar o curso escolar, unha vez ó trimestre, unha a final de curso para valorar os obxectivos marcados no P.E. e na P.X.A., e tódalas veces que o director o convoque ou o solicite un terzo dos seus membros.

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

5.3.1. Equipos de ciclo

Coa entrada da Lomce desaparecen os ciclos en Educación primaria, polo que só se mantendrá o de Infantil.

Os Equipos de Ciclos como coordinadores da actividade docente están compostos por tódolos mestres que imparten docencia nun mesmo ciclo.

Reuniranse unha vez cada semana e ditas reunións serán de obrigada asistencia para tódolos membros. Terán por obxecto avaliar o desenrolo da práctica docente e aplicar as medidas correctoras que consideren necesarias. Un resumo do tratado nestas reunións será recollido nas actas correspondentes redactadas polo coordinador de ciclo. Os coordinadores disporán dunha hora semanal para realiza-las súas funcións e a final de curso elaborarán unha memoria que recollerá a avaliación das actividades realizadas e os resultados obtidos.

5.3.2. Comisión de coordinación pedagóxica.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica órgano motor da maioría das decisións a tomar no Centro referidas á aspectos pedagóxicos e didácticos está integrada polo: Director do Centro que será o seu presidente, a xefa de estudos, a coordinadora de ciclo de E.I., a coordinadora de actividades complementarias e extraescolares, o coordinador do equipo de Normalización Lingüística, a representante do equipo de orientación e as mestras especialistas en pedagogía terapéutica.

Celebrarase unha sesión extraordinaria a comezo de curso na que se designará á proposta do director, a secretaria, outra, a finalizar este e tódalas as que se consideren necesarias. A secretaria recollerá o resumo do tratado na reunión nas actas correspondentes e contará cunha hora semanal para levar a cabo as funcións designadas.

5.3.3. Titorías

A orientación e titoría dos alumnos/as é un aspecto fundamental da función docente, constituíndo unha peza clave do proceso escolar. Cada grupo de alumnos e alumnas estará a cargo dun profesor/a titor/a, que se encargará de coordinar a labor docente do profesorado do grupo e de conducir ós alumnos e alumnas a os obxectivos

propostos no P.E. e na P.X.A. A designación dos titores farase de acordo co establecido no artigo 45 do Regulamento Orgánico.

No horario complementario contarán cunha hora de atención os pais e nais. Celebrarán como mínimo unha reunión conxunta cos pais /nais dos alumnos/as a principio de curso e tantas individuais como consideren necesarias.

5.3.4. Departamento de orientación

O departamento de orientación é o encargado de elaborar , promover e coordinar as actividades de orientación educativa, académica e profesional que se levan a cabo no centro.

Este Departamento está constituído polos seguintes membros: a Orientadora , os/as coordinadores/as de ciclo, o especialista de A.L. E a especialista de P.T

Para realizar adecuadamente as distintas tarefas que ten asignadas este departamento reúnense unha vez ao mes e ás veces que sexan necesarias durante o curso.

5.3.5. Equipo de actividades extraescolares e complementarias.

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar todo tipo de actividades .Estará integrado pola coordinadora e tres mestres/as.

A coordinadora estará por un período de dous anos como marca a lei e terá que elaborar a programación das actividades que aparecerán incluídas na PXA e confeccionar a memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas.

5.3.6. Equipo de Dinamización Lingüística

A Lei de Dinamización Lingüística en vigor pretende que o coñecemento do galego, como lingua propia de Galicia, sexa un dereito e un deber de tódolos galegos ,por iso o Equipo de Dinamización Lingüística pretende arbitra-las medidas encamiñadas a promove-lo uso e utilización do galego como lingua vehicular xeneralizada e como soporte básico para os materiais didácticos, facendo uso dela con normalidade en tódalas situacións comunicativas e potenciando o seu uso con actividades que impliquen a tódolos membros profesores /as e nenos/as.

O Equipo de Dinamización Lingüística estará constituído polo coordinador e tres mestres/as.

Manterán unha reunión a comezo de curso, outra o finalizar e tódalas que consideren necesarias . Así mesmo, a coordinadora levantará acta do tratado na reunión . Este equipo encargárase de facer o proxecto das actividades a levar a cabo no curso escolar que será incluído na Programación Xeral Anual de Centro o igual ca elaboración dunha memoria a final de curso.

6. MATERIAL DIDÁCTICO

Ademais da dotación aportada pola Consellería, os alumnos/as dispoñen do seguinte material:

- Dentro da aula: libros da biblioteca de aula, fotocopias (en algún curso trabállase sen varios libros , elaborando fichas e traballos), mapas e algúns xogos.
- Libros da Biblioteca do colexio, material de : laboratorio, educación física e de psicomotricidade, de música , de educación especial .
- Tamén temos diversos materiais audiovisuais: pantalla dixital, ordenadores...
- Na aula de Informática **contamos con 12 ordenadores**, e cada vez temos unha dotación tecnolóxica mellor.
- Todas as aulas están dotadas de pantalla dixital.

7. FESTAS

Ao longo do curso celebramos varias festas:

No primeiro trimestre:

- Samaín E agosto
- Nadal

No segundo trimestre:

- Día da Paz
- Entroido.

No terceiro trimestre:

- Semana da Prensa.
- Día das letras galegas

- Día do medio ambiente ou día da bici.

Estas celebracións que foron sempre celebradas no centro, dependerá da situación COVID e das restriccións no momento da celebración.

8. VISITAS ESCOLARES

Durante este curso as visitas escolares ou excursións decidiranse durante o curso en función das restriccións e situación epidemolóxica.

9. ANEXOS

Plan de autoprotección do centro.

Plan de convivencia

NOF

Plan de atención á diversidade

O P.E. deberá ser revisado periodicamente pola Comunidade Educativa para indicar posibles melloras que se terán en conta a hora de planificar o seguinte curso académico.